

A Aula CEMIT de Pontedeume, situada no edificio de Foremdes, únese á iniciativa de conectarse a unha videoconferencia, que a continuación detallamos:

Organizado polo Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia (CNTG) da Consellería de Traballo e Benestar e impartido por Oracle, o vindeiro día **6 de febreiro, de 9:30 a 13:30 horas**, terá lugar no salón de actos do CNTG un seminario técnico sobre desenvolvemento de aplicacións web con Java EE.

O relator da xornada será César Martín, colaborador habitual do CNTG, experto en tecnoloxía Oracle, Java e en ferramentas de desenvolvemento. Con máis de 13 anos impartindo formación oficial de Oracle University, César Martín posúe unha gran experiencia impartindo formación en Java e colabora activamente na preparación de documentación oficial de Oracle University e na creación de novos cursos.

Asemade César Martín conta cun amplo currículo no desenvolvemento de aplicacións e consultoría en produtos como Java (Struts, Java Server Faces, Application Development Framework), Oracle Designer, Oracle Forms, Oracle Reports, Oracle Discoverer, Oracle Portal, Oracle Application Server, Oracle WebLogic, Oracle Webcenter, Oracle UCM / Stellent, Oracle Fatwire etc ...

Obxectivos:

A xornada está orientada a formar e trasladar coñecementos técnicos a programadores/as que desexen desenvolver aplicacións web baseadas nos estándares da plataforma Java EE.

Polo tanto, este seminario diríxese preferentemente a analistas-programadores/as, programadores/as e desenvolvedores/as con coñecementos en Java e, en xeral, programadores/as e persoal técnico interesado en adquirir coñecementos sobre a materia.

Duración: 4 horas

Temario:

Desenvolvemento de servlets

Descibir a API servlet

Configurar servlets mediante anotacións e descritores de implementación

Usar as API de solicitude e resposta

Servlets como controladores

Desenvolvemento con tecnoloxía JavaServer Pages

Avaliar o rol da tecnoloxía JSP como mecanismo de presentación

Crear páxinas JSP

Procesar datos recibidos de servlets nunha páxina JSP Breve introdución a JSTL e EL

JavaServer Faces

Descrición do modelo JSF

Usar as bibliotecas de etiquetas JSF

Configurar a navegación de páxinas JSF

Beans administrados por JSF

Descrición xeral de EJB

Tipos de compoñentes EJB: beans de sesión

Tipos de compoñentes EJB: beans controlados por mensaxes

Describir o rol que desempeñan os compoñentes EJB nas aplicacións

Java EE

EJB Lite

API de persistencia de Java

Rol da API de persistencia de Java nas aplicacións Java EE Asignación relacional de obxectos

Crear clases de entidade

Usar a API de EntityManager

Ciclo de vida e características operativas dos compoñentes de entidade

Beneficio: Certificado de asistencia.

Anotarse en Foremdes antes do 21 de xaneiro. Telf 981 433 815